

PROPOSTAS

para pensar sobre a

ESCOLA

Por Ellen Duthie e Daniela Martagón
Tradución de Estela Martínez Vila



Que teño que facer e como teño que ser para converterme nun bo profesor?

Para que serve a escola?

Un gato pode ser bo profesor de humanos?
E un robot?

Aprendiches algo no que vai de día?



Ola, ti! Si, ti!

Gustaríache ir a unha escola sen profesores?

Poderías ser ti profesor ou profesora de algo? De que?

Como sería a escola dos teus soños?
E a dos teus pesadelos?



**WONDER
PONDER**

Filosofía visual para todas as idades
wonderponderonline.com





APRENDER



Como se aprenden as cousas?
Hai diferentes xeitos de aprender?

Todo o que se aprende serve para algo?

Aprendiches algo no que vai de día?

De que depende que ti aprendas algo, de ti,
do mestre ou mestra ou un pouquiño dos dous?
Explica a que te refires.

Aprendiches algo n
as vacacións?

Que cousas é importante
aprender?

Aprendiches algunha vez algo sen querer?

Quen debe decidir
o que é importante
aprender?

Sería posible vivir toda a vida sen aprender nada?
Como sería unha persoa que nunca foi quen de aprender nada?

Hai cousas que é mellor NON aprender?

Un marciano aterra na túa escola e preguntache
que significa aprender. Como llo explicarías?



O que preferes? Aprender através
do computador, a partir de casa, ou na sala
com os profesores? Porquê?

Cres que chegará un día no que
terás aprendido todo o que precisas?

Que cousas se poden aprender sen
esforzo? Que cousas
é imposible aprender sen esforzo?


Hai algunhas cousas
que habería que desaprender?
Que, por exemplo?

Pódese aprender sen comprender?
Pódese comprender sen aprender?

Pódese aprobar
un exame
sen comprender?



É posible saber algo de
memoria e porén non
comprender nada?



Hai veces que te aburres na escola? Cando?

Que cousas pode facer o mestre
ou mestra para diminuír o fastío?

Que cousas podes facer ti para diminuír o teu fastío?





“Así, mamá?”.

Gustaríache aprender a domar leóns?
Por que?

Que diferenza hai entre xogar,
aprender e traballar?


Que diferenza hai
entre educar e domar?

**Aprender
pode ser perigoso?**

**Ti preferirías mellor
traballar que ir á escola?**
Por que?

Se un neno ou unha nena
quere traballar, tería que ser
libre de facelo?

Os leóns están xogando, aprendendo ou traballando?
A nena está xogando, aprendendo ou traballando?



“Quen sabe a resposta?”.

Portaríase mellor a clase
cunha mestra humana
que cunha mestra robot?

**Quen sería mellor mestra
ou mestre, un robot
ou unha persoa? Por que?**

Ter datos é ter coñecemento?
Os ordenadores entenden?

Que características debe ter
unha boa alumna ou un bo alumno?

Esta mestra-robot veo todo.
É bo que as nenas e os nenos
estean sempre vixiados?

Na clase, un dos teus alumnos
é un robot, tería sentido
que un robot fora á escola?

Ter coñecementos é abondo
para ensinar ou hai que
ter algo máis?



Se ti foses a directora ou director da escola,
que normas porías para os mestres e as mestras?
E para o alumnado?

Con que outras persoas, ademais dos mestres,
aprendes máis cousas?

PROFESORES

Que características debe ter
un bo mestre ou unha boa mestra?

Que cres que pasaría
nunha escola sen mestres?
Habería desvantaxes?
E vantaxes?

ENTREVISTA A TÚA MESTRA OU MESTRE:

- 1 Que che gusta facer cando non estás na escola?
- 2 Que era o que che tiraba e o que non che tiraba d a escola cando ías ti?
- 3 Cando fuches á escola, tiveches algún mestre ou mestra que non che chistaba? Que é o que non che gustaba?
- 4 Agrádache o teu traballo?
- 5 Que é o máis difícil do teu traballo?
- 6 Que é o máis pracenteiro do teu traballo?
- 7 Algunha vez suspendiches un exame?
- 8 Os teus alumnos e alumnas ensínanche cousas a ti?
- 9 Como se aprende a ensinar?
- 10 Para ti, que é o máis importante que aprenda o teu alumnado?

Pensa nunha pregunta máis que che axudará a coñecer mellor ao teu mestre ou mestra e engádea ás preguntas da entrevista. Logo, faillas.




Conto / Redacción

Ás veces, escribir axuda a pensar.

E se escribes un conto sobre unha escola sen mestres?

A ver que ideas e situacións interesantes se che ocorren.





AMIGOS, AMIGAS E OUTRAS CRIATURAS ESCOLARES

Que ten que ter un bo amigo
ou unha boa amiga?

Que cousas terribles
perdoarías a un bo amigo
ou unha boa amiga?

Que farías se un bo compañeiro
ou unha boa compañeira che
pedira que fixeses algo que ti
non quixeses facer?




Hai algunha cousa
que nunca perdoarías, inclusive
ao teu mellor amigo ou amiga?

Tratáronte mal no patio
algunha vez? Que fixesches?

Que farías se viras a alguén
no patio maltratando a outra persoa?

Algunha vez decatácheste
de que trataras mal a unha persoa?
Que fixesches?



Que prefires, que as notas sexan secretas
ou que todo o mundo saiba
as notas dos demais? Por que?

Pareceríache boa ou mala idea
que repartisen medallas ás persoas
que sacasen as mellores
notas de clase?



A ESCOLA

Para que serve a escola?
(Fai unha listaxe de todas as cousas
para as que pode servir a escola)

A túa escola serve
para todas esas cousas?

A TÚA ESCOLA



Que normas da túa escola che parecen boas?

Que cousas boas ten a túa escola?

Que cousas mellorables ten a túa escola?

Que cousas podes facer ti para mellorar a túa escola?

Podes facer algo, aínda que sexa moi pouquiño?

Que cousas poderían mellorar na túa clase e no patio con cartos?

Que cousas poderían mellorar na túa clase e no patio sen cartos?



Hai algunha norma da túa escola que non entendas moi ben ou que non che guste? Cal é e por que?

A ESCOLA DOS MEUS SOÑOS A ESCOLA DOS MEUS PESADELOS

Conto / Debuxo / Redacción

Preguntas interesantes que che poden axudar:

Como sería a clase perfecta?

Que materias ou cousas aprenderías?

Como aprenderías?

Como se comportarían os mestres e mestrás?

Como sería o patio perfecto?


Quen sería o mestre ou mestra?
Como sería? Que características tería?

Como se comportarían os alumnos e alumnas entre si?

Habería normas? Se a túa resposta é "si", que normas habería?

Habería uniforme?
Como sería?

Como sería unha escola sen normas?



A ESCOLA DOS MEUS SONOS A ESCOLA DOS MEUS PESADELOS

Conto / Debuxo / Redacción



A large, empty rectangular box with rounded corners, outlined in black, intended for writing or drawing.

As miñas preguntas sobre a

ESCOLA

Escribe as túas preguntas sobre a escola en xeral ou sobre a túa escola en particular. Podes engadir algunhas das preguntas que máis che gusten deste caderno, pero pensa ti tamén nalgúnhas boas preguntas , que de seguro saen cousas interesantes. As túas preguntas poden ser divertidas ou serias (ou as dúas cousas ao mesmo tempo), difíciles ou fáciles de responder, acompañadas de debuxiños ou non. Como ti queiras!

DILEMAS

Tes un dilema cando non sabes
o que debes facer.
É como se dúas normas batesen.

BUM!

Unha amiga pídeche que lle mostres
disimuladamente o teu exame para que poida copiar.
Por unha banda tes claro que non se debe falar nos
exames e que non se debe copiar. Por outra, tes claro
tamén que hai que axudar aos demais, especialmente
aos amigos. Que lea! Que podes facer?



Na casa pensan que o do virus non é para tanto e
que isto das máscaras é unha esaxeración, mentres
que na escola che din que a pandemia é unha
realidade e que todo isto das máscaras é preciso
para deter a propagación da enfermidade e salvar
vidas. Que lea! Que podes facer ti para informarte
e decidir como actuar?



Todo os días ves a un neno tratar mal a
outro neno no patio. Nunca che fai nada a
ti, pero ves o mesmo todo os días e sempre
ten moito coidado de que non o vexan os
mestres. Por unha banda, sabes que non
está ben o que está a pasar e queres que
pare, pero por outra banda non che gusta
delatalo e dáche un pouco de medo por se
se decata de que fuches ti. Que lea! Que
podes facer?

Este caderno é un descargable gratuito de Wonder Ponder.

Xa coñeces os nosos libros de filosofía visual para todas as idades?



Wonder Ponder achega aos seus lectores algunhas das grandes preguntas da filosofía de xeito
divertido e atractivo. Os libros de xogo Wonder Ponder están deseñados para que miralos, lelos e
pensar sobre eles, a soas ou en compañía e en contextos familiares, lúdicos ou educativos.

Disponibles en castelán, inglés e catalán (e eúscaro, con Elkar)!



Filosofía visual para todas as idades
wonderponderonline.com